galicia

CONCELLO de R A M I R A S

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

Isabel Gil Álvarez (1 para 2)
ALCALDESA
Data de Sinatura: 20/11/2026
HASH: a9ecb34bc8e859b76f27a61d658f35ac

MARIA DEL CARMEN VILA DIAZ (2 para 2)
Secretaria
Data de Sinatura: 20/11/2026
HASH: 5f35ff4ebd6837fdd4255599b8366896b

Decreto da Alcaldía
Exp.206/2026
Asunto: Concesión de subvención nominativa á Comunidade de Usuarios de Auga da Parroquia de Casardeita

Vista a solicitude de D. Agustin Sevilla Briseño, en calidade de presidente da "Comunidade de Usuarios de Auga da Parroquia de Casardeita", CIF E32282873 para a colaboración económica do Concello de Ramirás por importe de 3.000,00 € co obxecto de financiar os gastos de melloras na traída de auga.

Axuntan á solicitude unha memoria descritiva, orzamento de ingresos e gastos, declaración de axudas, compromiso de aplicar os fondos ó fin para o que se solicitan e de estar ao corrente nas obrigas,tributarias e coa seguridade social.

Visto que no Orzamento Municipal aprobado para o ano 2026 consta unha subvención nominativa a favor da Comunidade de Usuarios Parroquia Casardeita con CIF E32282873 para melloras da traída de auga 2026 por importe de 3.000,00 euros

Visto a subvención nominativa recollida nas bases de execución do orzamento 2026:

"Subvención nominativa: Comunidad de Usuarios de agua de Casardeita
Obxectivos: *Colaborar no financiamento dos gastos para a mellora da traída de auga vecinal por non ser do Concello e vir a suplir un servizo que a lei configura de prestación obrigatoria aos Concellos.*
Efectos pretendidos: *Colaborar na prestación do servizos básicos á veciñanza e para que estes sexan prestados coa mellor calidade posible, especialmente complicada cando se dan situacións de seca.*
Destinatario: *Comunidade Usuarios Parroquia Casardeita*
Custe: 3.000,00 *euros*
Financiamento: *Fondos propios con cargo á partida 161.78*
Plan de acción: *Concesión de forma directa de conformidade co artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións."*

Visto o expediente tramitado e examinada a documentación que consta no expediente de conformidade co artigo 21.1 f) e s) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Outorgar a subvención directa nominativa con cargo á aplicación 161.78 a favor de Comunidade de Usuarios de Auga da Parroquia de Casardeita, CIF

DECRETO
Número: 2026-0624 Data: 20/11/2026

Cod. Validación: YDTP4NTR5X7Z4FKFGRZY96P6F
Corrección: https://ramiras.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

CONCELLO de R A M I R A S

NIF : P3206900 G
Tf. : 988 491 523
Fax : 988 478 604
E-mail : concello.ramiras@eidolocal.es Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

E32282873 para a colaboración económica do Concello de Ramirás co obxecto de financiar os gastos na mellora da traída de auga, por importe de 3.000,00 €.

SEGUNDO. Aprobar o Convenio, no que se detallen as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala, que se adxunta a esta resolución.

TERCEIRO. Aprobar e dispor o gasto correspondente por importe de 3.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 161.78.

CUARTO. Notificar aos interesados o outorgamento da concesión da subvención, comunicando que o prazo para que se presente a documentación xustificativa da subvención finaliza o 31 de decembro de 2026.

QUINTO. Remitir a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

A Alcaldesa-Presidenta
Asdo. Isabel Gil Álvarez

A Secretaria-Interventora
Asdo. Maria del Carmen Vila Diaz

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: YDTP4NTR5X7Z4FKFGRZY96P6F
Corrección: https://ramiras.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2